



PLAN DIGITAL

[EPAPU BERBÉS]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome: EPAPU Berbés

Código:36018884

Dirección: Marqués de Valterra nº 8-1º, Vigo-36202. Situado preto do centro da cidade de Vigo nas proximidades do IES Politécnico Marítimo Pesqueiro, Lonxa de Altura do Berbés, Casa do Mar, Pazo de Congressos e do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia social.

Teléfono: 886 110 976

Correo: epa.berbes@edu.xunta.gal

Páxina web: epavigo.es

Etapas educativas: Ensinanzas Básicas Iniciais, Educación secundaria de Adultos presencial e semipresencial, bacharelato semipresencial e outras non regradas.

Horario Lectivo: Dende as 9:30 ata as 14:00 e dende as 16:00 as 22:00.

Número de profesorado: 29

Número de alumnado:725 (1 outubro 2021)

<i>Etapas Educativas</i>	<i>Grupos</i>	<i>Nº</i>
<i>EBI</i>	<i>4</i>	<i>88</i>
<i>ESA presencial</i>	<i>8</i>	<i>233</i>
<i>ESA semipresencial</i>	<i>6</i>	<i>189</i>
<i>Bacharelato Semipresencial</i>	<i>6</i>	<i>180</i>
<i>ENR</i>	<i>3</i>	<i>35</i>

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro.

O centro de adultos presenta unha serie de características específicas que o diferencian doutros centros de ensino de carácter ordinario. O alumnado é moi heteroxéneo debido a multitude de factores, como a idade, situación laboral, dispoñibilidade de tempo, inquietudes, obrigas persoais, nacionalidade, cultura, etc.

O plan dixital persegue fundamentalmente o desenvolvemento do tratamento da información e a competencia dixital e a integración das TIC como ferramenta didáctica nos procesos de ensino-aprendizaxe polo que é un instrumento para a mellora das capacidades dixitais do centro e do profesorado que terá consecuencias na mellora da competencia dixital do alumnado e polo tanto unha verdadeira oportunidade de mellorar o nivel socioeconómico.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A través deste plan preténdese, avaliar a situación do centro educativo en relación co uso da innovación e das TIC nos diferentes elementos clave recollidos no Marco Europeo de Organizacións Educativas Competencias Dixitais, para posteriormente deseñar e acometer unha proceso de mellora no uso da competencia dixital.

A competencia dixital no ámbito educativo de Galicia vertébrase a través dos tres marcos europeos elaborados polo Centro Común de Investigación (Joint Research Centre, JRC) da Comisión Europea:

- O marco europeo da competencia dixital docente (DigCompEdu nas súas siglas en inglés) é a referencia para o desenvolvemento da competencia dixital do profesorado.
- O marco europeo para as organizacións educativas dixitalmente competentes é a referencia para os centros educativos e para a elaboración do plan dixital de centro.
- O marco europeo da competencia dixital para os cidadáns é a referencia para a competencia dixital do alumnado.

Normativa:

- DECRETO 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais.

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

O equipo de Dinamización do Plan Dixital, coordinado por *Julia Iglesias Novoa*, está formado por:

M^a Dores Fernández López (Departamento de Galego)

Victoria González Alonso (Departamento de Física e Química)

Julio Ignacio González Montañés (Departamento de Xeografía e Historia)

Rubén Martínez Rodríguez (Departamento de Latín e Grego)

Manuel Martínez Silva (Departamento de Lingua Castelá)

Sabela Pérez González (Departamento de Inglés)

Mario Prieto García (Equipo directivo)

Organizamos as sesións de traballo en rede, a través de espazos virtuais. Os diferentes propostas quedan reflexadas no curso “PlanDixital” da aula virtual do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/epapuberbes/aulavirtual/course/view.php?id=178>

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Equipos

Todas as aulas posúen ordenador e proxectores.

Para o uso do profesorado, hay equipos fixos e portátiles na sala do profesorado, na biblioteca, e nos departamentos.

Para o uso do alumnado, hay unha aula de informática con 12 ordenadores e 5 equipos portátiles para préstamo.

Lamentablemente a maioría dos equipos son moi antigos, ademais de ser escasos para as necesidades da comunidade educativa.

Están dispoñibles tres webcams.

Infraestutura

Todos os equipos están conectados na rede proporcionada pola Xunta de Galicia.

Aínda que dispoñemos de Wifi o ancho de banda é deficiente e a velocidade de transferencia de datos non serve para un centro de adultos coas súas necesidades específicas, xa que moitos dos cursos que impartimos tanto na ESA como no bacharelato son semipresenciais, polo que resulta imprescindible un bo acceso de Internet dende calquera dispositivo que podamos utilizar.

Servizos

Dispoñemos dunha asistencia técnica puntual para resolver os problemas cos equipos dixitais, a cargo do do orzamento do centro.

Para transmitir a información a comunidade educativa contamos con páxina web aloxada en unha empresa privada; dúas aulas virtuais, a da Xunta e a aula CESGA, e o espazo Abalar.


2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para elaborar a análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades do centro educativo) utilizamos as ferramentas SELFIE e o test CDD.

- SELFIE

A Comisión Europea desenvolveu a ferramenta de autoavaliación SELFIE, dispoñible de xeito gratuíto para todos os centros, que lles permite obter un informe de autoavaliación do centro.

Resultados de participación:



Repetido para o equipo directivo por non acadar o porcentaxe mínimo establecido:



Resultados por áreas:

Áreas	Grupos	Puntuación máx 5 puntos
A -Liderado	Equipo Direct.	3,0
	Profesorado	3,1
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,3
	Profesorado	2,5
	Alumnado	3,7
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	3,3
	Alumnado	3,7
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	3,1
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	3,6
	Alumnado	4,5
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,7
	Profesorado	2,8
	Alumnado	4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1,9
	Profesorado	2,5
	Alumnado	3,6
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	2,8
	Alumnado	3,1

O informe completo pódese consultar na curso “ Plan Dixital de Centro” da aula virtual do centro.

- Test CDD

Test CDD-Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
Definitivo	16	21	76,2%
Provisional	2	4	50%
Interino	3	4	75%
Substituto	2	2	100%
Desprazado	-	-	-

Test CDD-Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
73,1	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Test CDD-Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EBI	100	Experto/a (B2)	79	Integrador/a (B1)
ESA	64,4	Explorador/a (A2)	75,9	Integrador/a (B1)
Bach	68,9	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
ENR	74,7	Integrador/a (B1)	75,4	Integrador/a (B1)

TEST CDD-Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante A1	2	8,7%
Explorador/a A2	7	30,4%
Integrador/a B1	8	34,8%
Experto/a B2	4	17,4%
Líder C1	1	4,3%
Pionero/a C2	1	4,3%
TOTAL	23	99,90%

O informe completo pódese consultar na curso “ Plan Dixital de Centro” da aula virtual do centro.

2.3. Análise DAFO

A partir dos datos anteriores, elaboramos unha análise DAFO que permite o coñecemento do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C2-Dispositivos dixitais para uso común do profesorado. C3-Conexión a Internet. C5-Asistencia técnica. C8-Dispositivos dixitais para o alumnado	
	PERSONAL DOCENTE	E1-Recursos educativos en liña F1-Uso das TD para a adaptación as necesidades do alumnado. F4-Inclusión do alumnado. E4-Comunicación coa comunidade educativa. G3-Retroalimentación do alumnado	E3-Entornos virtuais. G1-Uso das TD para avaliar as habilidades do alumnado. F5-Colaboración do alumnado. F6-Proxectos interdisciplinares. G1-Avaliación das capacidades. G5-Autoreflexión sobre el aprendizaxe. - Profesorado con CD insuficientes
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		H7-Creación de contidos dixitais. -Alumnado con competencias dixitais insuficientes. O 8% do alumnado non ten acceso a dispositivos dixitais fóra do centro educativo.
	OFERTA	O centro educativo ten experiencias no uso de entornos de aprendizaxe	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A3-Apoio ao profesorado na utilización das novas modalidades de ensinanza ca TD. C5-Asistencia técnica. C7-Sistemas de protección de datos. D2-Participación en el DPC. D3-Intercambio de experiencias.	A1-Estratexia dixital. F6-Proxectos interdisciplinares para o alumnado utilizando tecnoloxías dixitais. B1-Avaliación do progreso do profesorado en TD. B2-Debate sobre o uso da TD. -Acceso limitado do alumnado aos dispositivos dixitais.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		C1-Infraestructura dixital-Falta de fondos-Equipos insuficientes-Internet lento-Limitacións de espazo- Acceso a recursos dixitais en liña ben organizados
	LEXISLACIÓN		Falta de tempo nos horarios para que o profesorado poda desenvolver material dixital.
	CONTORNA		

3. Plan de Acción

Está previsto que o plan de acción se implante ao longo do curso 2022-2023 segundo a prioridade da actuación requirida.

Prestaremos especial atención a combater a brecha dixital do noso alumnado, xa que existen colectivos moi desfavorecidos que no teñen recursos necesarios para levar a cabo a formación que ofrece o noso centro, particularmente nas ensinanzas semipresenciais desenvolvidas na súa maioría a través de aulas virtuais.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Obxectivo 1: Promover o uso xeneralizado da aula virtual dos grupos semipresenciais, para formular preguntas, realizar actividades e resolver dúbidas.

Área: E-Pedagogía: Apoios e Recursos

Indicador de obxectivo: Porcentaxes de execución

Valor de partida: 45% ; Valor previsto: + 90%

Obxectivo 2: Incrementar o número de dispositivos dixitais portátiles para préstamo e implantar unha conexión WIFI no centro para poder reducir a fenda dixital do noso alumnado adulto.

Área: C-Infraestruturas e Equipos

Indicador de obxectivo: Escala numérica

Valor de partida: 5 ; Valor previsto: 15

Para cada obxectivo elaboramos unha táboa que empregaremos para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Temos a necesidade urxente de mellorar a rede WIFI, preferentemente a do alumnado. A finalidade é que todos eles podan acceder dentro da aula aos recursos, actividades, orientacións e titorías, especialmente dos cursos semipresenciais que teñen a maior parte da súa actividade nas aulas virtuais.

Este acceso será preferentemente a través dos propios dispositivos dixitais dos alumnos, cada vez mas demandado por parte deles, pero á súa vez temos que aumentar ao menos en 10 unidades o número de portátiles ou tablets para préstamo, para o alumnado con baixo nivel económico.

Tamén necesitamos para o próximo curso renovar ao menos 10 equipos informáticos das aulas do profesorado e da aula de informática.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”:						E, PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS						
OBXECTIVO 1 (1):		Promover o uso xeneralizado da aula virtual dos grupos semipresenciais, para formular preguntas, realizar actividades e resolver dúbidas.								Acadado		
RESPONSABLE:		Comisión de Coordinación Pedagóxica								Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Porcentaxes de execución										
Valor de partida (3)		45 %										
Valor previsto e data (4)		+ do 90 %										
ACCIÓN A DESENVOLVER												
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN								
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)						
A01.1: Crear un horario semanal para compartir experiencias e favorecer o traballo en equipo.	Xefatura de estudos	9-setembro 2022	Disposición horaria da aula de informática			Realizada						
						Aprazada						
						Pendente						
A01.2: Programas de formación o obradoiros con expertos externos.	Coordinador TIC	31-xaneiro 2023	Disposición horaria do profesorado			Realizada						
						Aprazada						
						Pendente						

Área/s de mellora: C, INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS						
OBXECTIVO 2: (1):	Incrementar o número de dispositivos dixitais portátiles para préstamo e implantar unha conexión WIFI no centro para poder reducir a fenda dixital do noso alumnado adulto.				Acadado	
Responsable:	Administración educativa/ Secretario				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Escala numérica					
Valor de partida: (3)	5 ordenadores					
Valor previsto e data: (4)	15 ordenadores					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Análise da situación dos recursos do alumnado para o aprendizaxe no fogar.	Xefatura de estudos	30-setembro-2022	Enquisa con preguntas de enunciados breves e unha escala simple de valoración		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Elaboración dos criterios de préstamo dos dispositivos dixitais.	Equipo directivo	21-outubro-2022	Listado ordenado de preferencias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Solicitud a través da Unidade de Atención a Centros (UAC)	Equipo directivo	29-xullo-2022	Petición formal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

- (1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e feitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo establecerase a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan,reflectirase na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) INDICADOR:** Permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos acadar. Establecerase a **data** límite para lograr dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase A01.1., a segunda A01.2. e así sucesivamente).
- (6) RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

Cada unha das actuacións propostas neste plan conta con indicadores específicos que axudarán a determinar se se conseguiu o obxectivo proposto e se cómpre realizar cambios no enfoque destas actuacións durante o curso. Estes indicadores serán elaborados preferentemente polo coordinador TIC.

Coa análise destes indicadores elaborárase un informe de avaliación final no que se recollerán os resultados, os aspectos negativos, os aspectos positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital de Centro é un instrumento que debe formar parte do Proxecto Educativo, do Proxecto de Dirección e da Programación Xeral Anual . Para a súa difusión, aconséllase:

- A comunicación da dirección ou claustro ao inicio do curso 2022-2023.
- O acceso a todo o profesorado ou curso creado na aula virtual.
- O aloxamento nos ordenadores da sala de profesores e biblioteca.